

A Reserva Mariña de La Palma.

A reserva mariña de interese pesqueiro para a Illa de La Palma Foi creada pola entón Secretaría Xeral de Pesca Marítima, en 2001, a petición do sector pesqueiro insular.

Ten unha superficie de 3455 hectáreas e exténdese ao longo de 13 km da costa suroeste de La Palma. É, ademáis, zona de especial conservación pertencente á Rede Natura 2000 e reserva mundial da biosfera.

As labours de vixilancia realízanse desde terra cun vehículo todoterreo e desde o mar con dúas embarcacións. Ademáis, dispónse doutros equipos de vixilancia, como prismáticos de visión nocturna e cámara xeorreferenciada. O equipo de vixilancia percorre a escarpada costa da reserva todos os días para comprobar que non se realizan actividades ilegais.

A pesca que se realiza na zona é artesanal e selectiva, básicamente con artes de anzol. Os barcos autorizados a faenar na reserva pertencen ás dúas confrarías da illa, Tzacorte e Santa Cruz de La Palma. Desde a creación desta reserva, o número de pescadores novos que se incorpora á pesca ten aumentado considerablemente; algo similar acontece coas capturas.

Pero máis aló do obxectivo pesqueiro, a reserva mariña é unha área que alberga numerosas riquezas submariñas, tanto biolóxicas como paisaxísticas. Todas elas son custodiadas e estudadas polo equipo técnico da reserva, que se adentra nas augas da mesma para valorar os resultados da protección da zona.

Durante as inmersións, algunhas das especies que se poden atopar son os característicos demos, poboadores abundantes nestas augas; a cabra, que acada tallas importantes dentro da reserva; e o peixecan, fundamental no control de poboación do ourizo de lima, verdadeira praga nos fondos mariños de Canarias. Outros peixes máis ligados ás pequenas cavidades son os alfonsiños, e na area, aparecen os singulares salmonetes. Entre os peixes peláxicos, os medregais son os máis comúns, pero os invertebrados tamén son abundantes. Entre eles, os moluscos máis buscados: os polbos e os chocos.

Esta reserva mariña, a máis fonda de España, exténdese ata os 1000 metros de profundidade. Nos seus fondos abruptos e escarpados, máis aló dos 35 metros de profundidade, tópanse extensas comunidades de corais, entre elas as de coral negro. Os robots submarinos axudan a explorar os fondos máis aló do alcance dos mergulladores.

Co esforzo de todos, o mar recupérase e alcanza o esplendor de antano.

Esta reserva mariña, a máis profunda de España, exténdese ata os 1000 metros de profundidade. Nos seus fondos abruptos e escarpados, a máis de 35 metros de profundidade, atópanse extensas comunidades de corais, entre elas, as de coral negro. Os robots submarinos axudan a explorar os fondos alén do alcance dos submarinistas.